

CÓDIGO DE LA ENTREVISTA: 02

Entrevista Técnico experto en arquitectura y urbanismo

ENTREVISTADOR: ¿Cómo se encuentra actualmente el barrio de Ferrol Vello? ¿Qué razones podrían explicar tal situación?

ENTREVISTADO: Abandonado e semiruíno. Como consecuencia do abandono institucional que compense as dificultades de manter unha vivenda tradicional fronte a competencia do exceso de oferta de vivenda nova nas periferias urbanas. O proceso de expansión cara fóra das cidades nas dúas últimas décadas deu como resultado un proceso de deterioro dos cascos vellos xa que non se atendeu ás necesidades de rexeneración urbana e de rehabilitación integral de maneira que a cidade consolidada puidera ofertar as mesmas vivendas (cos mesmos servizos etc) ca as novas zonas periféricas. Iso em termos xerais mesmo alí onde si se deron ou dan casos de rehabilitación parcial ou inicios da rehabilitación. Non caso de Ferrol a cuestión anterior dáse dunha maneira brutal. Sen parangón nas cidades galegas.

ENTREVISTADOR: ¿Ha sido la especulación y la dinámica del mercado inmobiliario de los últimos años una de las causas de la actual situación en la que se encuentra Ferrol Vello?

ENTREVISTADO: Si. Non a única pero si A dinámica que explico antes ten que ver coa presión do mercado inmobiliario e a aposta pola nova edificación. Vimos dunha situación onde o sector da construción foi só sector da "nova" construción. De feito ese é un dos grandes problemas actuais para reconvertilo en sector de rehabilitación. Constructores, técnicos, promotores... todos en comandita só se adicaron a construción de vivenda nova. Un desastre sobre todo cando temos un parque de vivenda que necesita urxentemente acometer un proceso de rehabilitación integral.

ENTREVISTADOR: Por lo que entendemos, los procesos de *gentrification* empiezan dándose con una situación de abandono en el barrio. ¿La actual situación en la que se encuentra Ferrol Vello, puede ser reversible con la actuación del Concello?

ENTREVISTADO: Canto mais tardemos, mais difícil será reverti-la situación. Se tardamos moito a situación é irreversible, claro. Non é só esta unha cuestión de vontade política. É tamén unha cuestión de tempo. Hai que actuar xa e hai que facelo desde instancias públicas. Si pode ser reversible pero hai que actuar xa.

ENTREVISTADOR: Haciendo una planificación desde el Concello para actuar sobre el barrio, ¿se puede mejorar el barrio sin que tal mejoría resulte el punto de partida para un proceso de especulación? ¿Qué soluciones existen para que "posibles proceso de especulación" no tenga ninguna posibilidad de éxito?

ENTREVISTADO: Mantendo o equilibrio entre a actuación pública e o apoio a rehabilitación privada e impedindo a modificación de usos e solucións constructivas para impedir-las operacións especulativas. Planificando ben e dotándose a administracións de ferramentas de planeamento e xestión é posible manter ese equilibrio. Por exemplo é posible mantelo se hai unha aposta decidida pola vivenda social rehabilitada. Parque público de vivendas, estou falando diso, en réxime de alugueiro e cumprindo funcións sociais e atendendo a todas as tipoloxías de "familias", estilos de vida etc. Vivenda pequena, vivenda mediana, vivenda para compartir espazos comúns etc.

ENTREVISTADOR: Estos procesos especulativos normalmente acaban formando espacios atractivos para nuevas poblaciones: clases acomodadas, bien formadas, con un poder adquisitivo alto, etc. (Por ejemplo: El caso Barcelona con las olimpiadas de 1992). Esta circunstancia atrae al turismo cultural, “pone el barrio de moda” etc... ¿Qué supondrían este tipo de cuestiones para Ferrol Vello en el caso de que se convirtiera en un espacio atractivo y rehabilitado?

ENTREVISTADO: Basicamente suporían a expulsión da poboación residente e a terciarización do barrio, que hai que evitar a toda costa. Hai que apostar claramente por un uso prioritario de primeira vivenda residencial. Non se pode apostar por terciarizar o barrio, por facelo atractivo só para profesionais e as súas oficinas etc. Por outro lado o turismo é unha cuestión importante pero efectivamente máis importantes son os habitantes. Efectivamente iso pasou de maneira clara en Barcelona ou Valencia. Ora ben: a día de hoxe estanse dando movementos con moita forza que tratan de cambiar a situación precisamente porque hai unha relación evidente entre o investimento en turismo urbano e especulación e xentrificación.

ENTREVISTADOR: En Ferrol ha sido la coyuntura adversa de la ciudad uno de los factores para que procesos especulativos no tuvieran el éxito esperado. Sin embargo, ¿a partir de una rehabilitación futura y efectiva del barrio, podrían activarse procesos especulativos indeseados?

ENTREVISTADO: Dende logo. Así ocorreu noutras cidades galegas e do resto do estado. Por iso hai que estar atentos e regular os procesos de recuperación urbana para que respondan sempre ao interese público. A actual situación adversa non ten porque ser algo inmutable. Poida que a actual situación se manteña de maneira indefinida e non saibamos cando pode darse unha recuperación pero dende logo si hai unha posibilidade de que poida darse no futuro un proceso especulativo indesexado se non se regula dende o público e con arreglo a un planeamento definido os procesos de recuperación e rehabilitación.

ENTREVISTADOR: En nuestra investigación nos sorprende el despoblamiento que ha sufrido el municipio de Ferrol, así como el barrio de Ferrol Vello en especial. ¿Cómo captar a nueva población para el barrio sin segregar o expulsar a la población de siempre? (un proceso negativo habitual de los procesos de *gentrification*)

Apoiando con intensidade, e medios económicos a rehabilitación privada e pública de vivendas e a creación de dotacións públicas para facer atractivo o barrio á xente nova.

ENTREVISTADOR: Para terminar, ¿qué diferencias/similitudes encontramos en el barrio de Ferrol Vello respecto a barrios históricos degradados de otras ciudades de España? ¿Existen modelos de actuación reproducibles en Ferrol Vello que usted conozca?

ENTREVISTADO: Os procesos son sempre os mesmos: Obsolescência programada da cidade .Favorecer dende as administracións e en connivencia cos especuladores inmobiliarios destrucción do Barrio, e permitindo a necesaria laxitude nas normas urbanísticas para facilitar a estes especuladores facer negocio e repoboar con xente adiñeirada (xentrificación).

E decir captura do aparato lexislativo do Concello ao servizo da Cidade como negocio duns poucos a costa dos demais.

Un certo modelo de referencia para Ferrol Vello sería o de Vigo. Non porque em Vigo non haxa intentos claros de xentrificación e especulación (que os hai: caso claro do Barrio do Cura) senón porque em Vigo dáse o caso da existencia dunha ferramenta de planeamento potente: un consorcio entre Concello, Xunta e Deputación, com orzamento público suficiente, oficina técnica dotada e lexislación axeitada. Outra cousa é que esta ferramenta non se utilice axeitadamente. Pero em Ferrol Vello é imprescindible unha acción concertada dende instancias administrativas e de colaboración entre elas. É de tal magnitude o investimento que habería que facer e tan complexa a acción a emprender que non se pode facer só desde instancias municipais e sem dotación económica e técnica suficiente. Polo meu traballo podería falar do consorcio de Compostela pero son consciente que o casco histórico e cidade consolidada de Santiago de Compostela son caso a parte. Poden servir como modelo pero é unha ensoñación pretender que em todas partes se poida facer así.